



“Amólame que me pregunten por que escribo en galego. Xa sabemos que significa esa pregunta”

[Alberto Ramos](#) 29 setembro 2013

Coa súa nova novela *O derradeiro libro de Emma Olsen*, Berta Dávila (Compostela, 1987) levaranos até Faith, unha vila real dos EUA con toda a maxia verdadeira dun tren que non vai máis aló e dos restos do tiranosauo rex máis grande do mundo. Esa maxia percorre as rúas desta vila de Dakota do Sur, que malia todo, é un lugar anódino onde nunca pasa nada. Ou case nada, que non é o mesmo pero é igual. Alí, onde o Ferrocarril de Rockefeller finaba, regresa Emma Olsen, unha escritora afamada ás portas da morte para, por unha banda, escribir a súa novela póstuma e, pola outra, axustar as súas contas co pasado. E até alí, da man da Olsen imaxinaria, da Dávila real trasladará a partir de novembro aos seus lectores da man da editorial Galaxia tras conseguir con esta novela o Premio Repsol de Narrativa Breve.

Cada vez que un xornalista lle di que nova é e que ben escribe, que pensa Berta Dávila?

En realidade, ningún xornalista me dixo “que nova es e quen ben escribes”. O único que me dixeron era que era moi nova. A segunda parte é unha coda que nunca lle escoitei a ninguén. En calquera caso, é unha pregunta que non deixa moita opción. Ser nova é un estado, non un mérito.

Porque foi até Dakota para contarlles aos seus lectores esta historia?

Foi unha localización que estivo alí case dende o comezo. A idea de localizar a historia nos EUA xurdiu ao tempo que as personaxes de Emma e de Clarisa, que son as dúas protagonistas da novela. De feito, xa xurdiran nese contexto, non poderían existir noutro contexto. O que si fixen foi buscar un lugar concreto na xeografía estadounidense para situar a historia. E decanteime polo Medio Oeste, porque é un lugar en principio anódino, onde existen moitas cidades de poucos habitantes e onde nunca ocorre nada. Ao final, apareceu Faith, un lugar en que sucederon unha morea de circunstancias extraordinarias e, malia todo, rematou coma unha desas vilas anódinas. Circunstancias extraordinarias como a descuberta de Sue, o tiranosauo rex máis grande do mundo, ou como que o nome da cidade é resultado de que o Ferrocarril de Rockefeller remataba en Faith, e a súa filla se chamaba Faith. Todos eses feitos fixéronme pensar que era un lugar para novelar. Decidín acoller na novela todas estas singularidades, pero tamén saír das marxes do Faith real e crear un de ficción para xogar cos estereotipos.

Cantas voces narrativas temos no libro? Pregúntoo porque temos a Emma, mais tamén o tradutor do libro, o editor...

Voces narrativas hai unha, mais xógase coa idea de que o que se ofrece é unha tradución do derradeiro libro de Emma Olsen, unha autora norteamericana de éxito que acaba de falecer. Esta é a súa obra póstuma e, de feito, hai unha referencia directa á data de finalización do libro. Nese xogo, aparecen todas as voces que rodean o último libro de Emma. Por unha banda, a nota do editor que abre o libro, que fala en primeira persoa, mais non é propiamente narrativo, xa que é parte do xogo. Despois temos as notas do tradutor e tamén notas do tradutor que, en realidade, son notas reescritas da edición orixinal. Todo iso forma parte do xogo, do envase, a narración lévaa toda Emma Olsen.

Por que o retorno?

Supoño que é un tema inevitable. Non sei a quen lle escoitara aquilo de que todo o que escribimos e é minimamente importante para nós radica na infancia ou nun pasado que algunha vez nos marcou. Creo que ese é o caso de Emma. Cando unha persoa chega ao final da súa vida, decátase de que ten a oportunidade de axustar contas ou non. Se esa persoa decide facelo, resulta inevitable mirar cara a atrás. De feito, gústame moito ese concepto da reescrita do pasado, á volta ao que foi o propio percorrido. Por iso escollín a primeira persoa.

Este o seu primeiro libro narrativo en primeira persoa, custoulle máis por iso?

Antes fixera relatos en primeira persoa, pero non é o mesmo. Pensei moito no asunto porque pensei que para usala, a primeira persoa digo, precisaba unha personaxe que puidese realmente falar por si. Aínda que non sei se máis ou menos conseguido, creo que a escolla foi un acerto.

Nunha entrevista con Fran P. Lorenzo definía vostede esta novela como unha obra de límites, de fronteiras. En que sentido?

En todos os sentidos. O primeiro, falamos dunha persoa que se enfronta ao derradeiro límite traspasable: a morte. O segundo, a personaxe escolle pasar ese tempo escribindo a historia dunha etapa da súa vida que supón unha fronteira dobre. Por unha banda, o paso á idade adulta; pola outra, a conformación da propia identidade. E a identidade pasa por entender quen somos, quen fomos e porque somos en función do que fomos antes. Ademais, está situada nun contexto, nun lugar que está no medio do nada. E os personaxes queren liscar de alí, non volver. Emma narra ese desexo de marchar de Faith. Entón, xorde o desexo de traspasar esa outra fronteira... Pero, claro, hai que decatarse de que as fronteiras non se traspasan en autobuses; traspásanse sempre interiormente.

Que peso ten a enfermidade na súa obra? Nesta novela, temos unha personaxe moribunda. N'A arte do fracaso trataba os escritores como enfermos, na súa poesía tamén está presente...

Son distintas facetas. Neste libro non hai un tratamento da enfermidade porque non é unha novela que eu escriba sobre alguén doente. Falamos dunha autora enferma que quere escribir unha novela. Polo tanto, quere deixar á marxe as cousas que non forman parte desa novela. Por outra banda, a escrita como enfermidade crónica non deixa de ser un xogo de palabras... A escrita... Eu non creo na escrita como unha necesidade. Se cadra, cando comecei a escribir si...

Necesitábaa antes?

Creo que as cousas que nos importan non son necesidades, senón eleccións. En realidade, non creo que exista nada que veña de arriba e nos arrastre cara a algo. Quero dicir, ese tipo de cousas

non teñen sentido para min. Eu tamén sentín que a poesía era unha necesidade ou unha sorte de catarse... Pero non o creo agora. A escrita e a poesía son unha elección. E as cousas que din quen somos son as eleccións que fixemos.

Cantas cousas elixiu Berta Dávila?

Poucas, pero si as importantes. As veces non se escolle o que facer, pero si o que non facemos, a liña que non cruzamos.

Escolleu a lingua?

A lingua vennos dada, pero nunha situación de conflito como a que temos nós, tamén é unha elección. No meu caso, foron as dúas cousas. Veume dada por unha banda, pero tamén a escollín. Polo menos, escollín non abandonala. Eu son galega, vivo aquí e escribo en galego... Creo que é o normal. Máis que a pregunta de que nova es, amólame moito máis a pregunta de por que escribo en galego. E por que? Porque xa sabemos que significa esa pregunta.

Nesta novela está moi presente a morte dende a primeira páxina. Dende o inicio sabe un que Emma Olsen xa traspasou esa última fronteira, o da morte. Unha morte que, mesmo imaxinaba de pequena xunto a Clarisa mentres realizaban unha listaxe de formas de morrer...

Hai un longo xogo no libro de que as dúas escribían unha sorte de catálogo de xeitos de se matar. É unha chanza constante, porque tanto unha coma a outra ven na morte outra vía para fuxir de Faith, que era o seu obxectivo. E ao final o retorno de Emma en Faith é, dalgún xeito, o cumprimento dese catálogo delirante con perspectiva de adulta. A morte é un xeito de fuxida, de evasión... É unha partida para deixar unha cousa por outra... Ou por nada, que o que di Emma.

“A xeración da miña avoa tiña medo de Deus e da guerra. A de meu pai do cárcere, da represión e do paro. A miña da criptonita e dos asasinos en serie. Xulguen vostedes mesmos”. Esta reflexión aparecía no seu libro narrativo anterior, *A arte do fracaso* (Barbantesa, 2010). Cambiaría os medos da nosa xeración a día de hoxe?

Si, realmente si. Porque eu, nese momento, aínda non estaba no tempo do paro e da represión.

Cales serían os medos agora?

A incerteza.

Individual ou colectiva?

Quizais para todos, porque aínda que todos temos a sensación de que o noso pode chegar a ser peor, é peor para todos e en todos os sentidos. Todos estamos ligados.

Como soa Berta Dávila en xaponés?

Non o sei, non a escoite. Coido que moi raro [Ri].

Que significa que a *A arte do fracaso* chegue ao xaponés co selo Pulp?

Pois primeiro fixeron unha tradución ao castelán, que foi interesante porque que saian os textos do país sempre é interesante. Despois, preguntáronme en Pulp se me apetecía que o traducisen ao xaponés. E dixeron que si, porque me parecía algo moi estraño. E agora preparan a tradución ao éuscaro... As dúas son linguas que non podo entender. [Ri]

Polo que sei, anda mergullada nun proxecto de investigación ao redor da Literatura Infantoxuvenil (LIX).

É un ámbito moi interesante para investigar. Creo que é unha das mellores literaturas que se fan no mundo e chegan a todo tipo de lector, porque eu non creo na literatura como xeito de illarnos do mundo, senón de conectarnos. Ademais, está vinculada ao ensino.

Cre que se subestima a LIX?

Non é que o crea, é que moitas veces se subestima. Só hai que ver a atención crítica e mediática que se lle dá a unha obra de adultos e a outra de LIX. E tendo unha literatura infantil e xuvenil potente, interesante e moi rica como a que temos... Houbo unha época que parecía que estaba mal vista... Vaia, mal vista tampouco, que non é un vicio escuro... Pero si parecía unha lectura de segunda, sobre todo en determinados ámbitos académicos. Parecía que se lías a Fernández Paz, non podías ler a Proust. A min, Fernández Paz paréceme alta literatura.

Precisamente contara coa axuda de Fernández Paz para escribir a súa primeira novela, *Bailarei sobre a túa tumba*, que gañara o premio Biblos en 2008. Como foi esa experiencia?

Fora estupendo, eu aprendín moitas cousas. Algunha vez, cando me escoitaba dicir iso, el respondía que “xa sería menos.” Pero non, eu aprendera del moitas cousas que nin sospeitaba. Primeiro como lectora e despois no traballo para rematar a novela. Gustoume moito o seu xeito de abordar o traballo conxunto, sobre todo na primeira vez que nos reunimos. Foi interesante porque realizou unha morea de preguntas sobre o texto, sobre cuestións nas que eu non reparara. Fora moi produtivo e moi interesante contar coa súa axuda. Mágoa que o libro resultante non estivera á altura do proceso.

Non estaba á altura?

Non sei... É normal que un aos vinte e cinco, deoste o que escribiu con vinte anos. Eu estaba a aprender. En realidade, estou aprendendo. E na aprendizaxe, todo o que vén despois ten que ser un reto superior ao xa feito, non?

Sairá tamén proximamente outro libro de Berta Dávila, ademais do de Emma, non?

Pois si, con Biblos precisamente. A finais deste ano publicarei un álbum ilustrado por Inma Doval que me fai especial ilusión, porque será a primeira vez que vexo personaxes meus ilustrados. E, ademais, tiña ganas de escribir para o público infantil.